

Retribucións 2017

O ensino público galego acumula uns recortes orzamentarios de 1.943 millóns de euros entre 2009 e 2017: a etapa Feixoo

Os recortes no ensino público foron tan brutais que, desde a chegada de Núñez Feixoo á presidencia da Xunta, acumulan 1.943 millóns de euros; recortes que continuarán nos orzamentos do ano 2017 e agravarán as carencias que ten o ensino público.

O secretario nacional da CIG-Ensino, Anxo Louzao, afirmou en rolda de prensa que as distintas partidas orzamentarias non garanten un ensino de calidade, imposibilitan unha adecuada atención á diversidade e ás necesidades educativas especiais, non restituén ningún dos dereitos arrebatados ao profesorado nin os salarios nin as pagas extra completas, non recuperan os postos de traballo suprimidos e impiden a posibilidade de garantir o ensino público e, xa que logo, a igualdade de oportunidades.

Para o secretario nacional da CIG-Ensino, todos estes recortes “constatan que a educación segue sen ser unha prioridade para o Partido Popular”, que persiste no “deterioro e desmantelamento” do ensino público.

De feito asegurou que isto é o que tira das cifras. A Consellaría de Educación conta para 2017 cun orzamento de 213 millóns de euros menos que en 2009 (o 8,92% menos). Mentres o groso dos orzamentos da Xunta medraron respecto do ano pasado nun 5,1%, os referidos a Educación só se incrementaron no 2,86%.

Ademais, os orzamentos da Consellaría de Educación decreceron en relación ao que medraron en 2016 e cada ano perden máis peso en relación aos da Xunta de Galiza. “Representaban o 27% do total en 2009 e agora só representan o 21,3%, case 6 puntos menos. Isto implica ademais que a Consellaría de Educación sexa a terceira que menos medra.

Incremento para o ensino privado

Xunto a isto, o secretario nacional da CIG-Ensino chamou a atención sobre o feito de que, mentres os orzamentos da Consellaría de Educación só medraron o 2,86%, as subvencións ao ensino privado (Capítulo IV) incrementáronse no 6,05%, chegando case aos 274 millóns de euros.

A este respecto, apuntou que os concertos educativos, incluídos os centros que segregan alumnado por razón de xénero, pasaron de 243 millóns de euros en 2016 a 246,2 millóns para este ano que se distribúen en: educación infantil, 38,5 millóns (+5%); primaria, 192 millóns (+6,6%); formación profesional, 18,7 millóns (+16,7%) e educación especial, 12,2 millóns (+7,3%).

“Desde o ano 2009 as cantidades dos concertos incrementáronse no 69%, mentres que os da Consellaría só medraron o 48%, un 21% menos”, denunciou.

Menos profesorado e peor pagado

Polo que respecta ao orzamento destinado ao capítulo de persoal (Cap.I), que supón o 59% do total do da Consellaría, denunciou que “continúan reducíndonos os salarios e as pagas extras”. Así lembrou que o salario do profesorado se recortou desde o 2010 nun 18,5%, cunha perda acumulada que vai desde 24.000 a 42.000 euros, en función dos salarios das distintas categorías.

Xunto a isto denunciou que aínda que a oferta de emprego público non se coñece, o certo é que só hai un incremento de 109 profesores/as (30.098), pese a que no ano 2016 se xubilaron un total de 861 docentes. E isto ocorre malia o 21% dos cadros de persoal dos centros de ensino ser provisional e a supresión de miles de profesoras e profesores desde o ano 2010.

O secretario nacional da CIG-Ensino denunciou tamén que os orzamentos non van corrixir a porcentaxe do profesorado que ten que impartir afíns e que o profesorado substituto continuará sen cobrar os meses de verán. Tampouco permiten resolver o problema da falta de persoal administrativo e outros perfís profesionais, o que obrigará o profesorado a continuar asumindo tarefas burocráticas e administrativas, vixiando o transporte e encargándose do comedor.

Vén da páxina anterior

“Raquíto” incremento en bens correntes

Respecto ao Capítulo II, gastos en bens correntes e servizos, destínanse un total de 212 millóns, cun incremento de só o 1,34 %.

Dentro deste capítulo, o orzamento en comedores mantense en 28,8 millóns e non se emprende a xestión directa e a expansión a todos os centros, e o destinado a transporte escolar, 120,2 millóns, increméntase un 1%.

Canto ao gasto en funcionamento dos centros, para educación infantil, primaria e ESO destínanse 12,6 millóns, cun incremento de tan só o 1,7% , o 2% menos que no 2016. Un incremento similar ao dos gastos en funcionamento

dos centros de educación secundaria e FP que soben outro 1,7%, chegando aos 38,8 millóns. Un 1,5% menos que no 2016.

O 0,065% dos orzamentos para fomento da lingua galega

O secretario nacional da CIG-Ensino denunciou contundentemente os orzamentos destinados ao fomento da lingua galega, que só se incrementan en 59.000€ respecto de 2016, chegando aos 6.819.086€. “Os orzamentos destinados a fomento da nosa lingua representan unicamente o 0,065% do total dos orzamentos da Xunta de Galiza e decreceron nun 66% desde 2009, pasando dos 21,8 millóns en 2009 aos 6,8 millóns este ano, é dicir, 15 millóns

de euros menos”.

A todo isto, hai que engadir que para a prevención e abandono escolar só se destinan 19.5 millóns e para a formación do profesorado 2.2 millóns. Aproximadamente o 40% do alumnado non terá dereito aos libros gratuítos; escatiman o apoio á lectura e, de feito, para atención de bibliotecas órzanse unicamente 123.140€; para o programa de fomento da lectura, 236.060€; para fondos de biblioteca escolar: 322.000€ e para equipamentos: 200.000€. No entanto, concluíu, “contrasta a achega de 257.294 mil euros á Fundación Camilo José Cela, mentres o Museo do Pobo Galego só recibe 201.800 €”.

PROPOSTAS DA CIG-ENSINO PARA OS ORZAMENTOS DO ANO 2017

A carencia máis absoluta de negociación por parte da Xunta de Galiza e a continuidade dos recortes no ensino e nos salarios levounos a concentrarnos, diante do Parlamento de Galiza, os días 25 de xaneiro e 6 de febreiro, para continuar exixindo a restitución de todos os dereitos laborais, salariais e profesionais que nos foron arrebatados, e para conseguir as reivindicacións máis sentidas do profesorado.

A Xunta demostrou o desprezo máis absoluto ao non estar disposta a aprazar a Mesa Xeral, convertendo a “negociación” nun mero trámite, xa que nin sequera enviaron o proxecto do Capítulo I para podelo estudar e facer as propostas correspondentes. Por iso nos levantamos da Mesa e temos presentado recurso pola vulneración do dereito á negociación colectiva.

Propostas da CIG-Ensino que terían que ser recollidas nos orzamentos do ano 2017:

Creación de emprego e amplas ofertas de prazas nas oposicións:

- Supresión das taxas de reposición
- Cadros de persoal amplos nos

centros a fin de posibilitar a atención á diversidade, fixar horarios cun máximo de 18 horas, reducir o alumnado por aula e os desdobres, non impartir de afíns, ou como mínimo regularlas, e personalizar a educación.

- Convocatoria, previa negociación, de oposicións en todos os corpos e niveis educativos.

- Oferta pública de todas as vacantes existentes, produto das xubilacións e doutras circunstancias, ademais das que sexan necesarias crear para satisfacer as necesidades un ensino de calidade.

Contrato nos meses de verán para o persoal substituto

- Restitución do dereito do profesorado substituto a cobrar os meses de verán, polo menos cando tivesen traballado 5 meses e medio durante o curso escolar.

Recuperación salarial do profesorado

- Restabelecemento de todos os dereitos e retribucións arrebatados ao profesorado desde o ano 2010 (horario

lectivo, salario, pagas extras etc.). A Xunta de Galiza tomará as medidas necesarias para restabelecer os salarios e as pagas extras completas do profesorado, que lle foron reducidas desde o 2010, coa súa correspondente actualización, segundo o IPC resultante até hoxe. Incremento das retribucións do profesorado galego que é dos peores retribuídos de todo o Estado.

- A Xunta de Galiza garantirá a cláusula de revisión salarial para garantir, como mínimo, a suba anual dos salarios do profesorado igual ao IPC.

- Restabelecerase o acordo entre a Xunta e as organizacións sindicais para que se destine o 1% da masa salarial do Capítulo I dos orzamentos da Xunta de Galiza ao Fondo de Acción Social.

- O profesorado percibirá o 100% de todas as retribucións desde o primeiro día de incapacidade temporal (IT).

Persoal administrativo en todos os centros.

- Obrigatoriedade de dotar todos os centros públicos de persoal administrativo e doutro persoal cando sexa necesario.

Retribucións profesorado 2017

Á espera da aprobación de suba salarial que se fixe nos orzamentos

Retribucións básicas

	Grupo A2 (Antes B)				Grupo A1 (Antes A)			
	Mestres* Nivel 21		Técnico/a F.P. Nivel 24		P. Secundaria Nivel 24		Catedrático/a Nivel 26	
	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra
Salario	968,57 €	706,38 €	968,57 €	706,38 €	1.120,15 €	691,21 €	1.120,15 €	691,21 €
Complemento de destino	478,09 €	478,09 €	588,75 €	588,75 €	588,75 €	588,75 €	705,19 €	705,19 €
Complemento específico	544,68 €	544,68 €	544,68 €	544,68 €	544,68 €	544,68 €	595,17 €	595,17 €
Titoría e outras func. docentes	44,06 €	44,06 €	44,06 €	44,06 €	44,06 €	44,06 €	44,06 €	44,06 €
TOTAL	2.035,40 €	1.773,21 €	2.146,06 €	1.883,87 €	2.297,64 €	1.868,70 €	2.464,57 €	2.035,63 €
Trienios	35,12 €	25,61 €	35,12 €	25,61 €	43,08 €	26,58 €	43,08 €	26,58 €

Cargos directivos

CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E EDUCACIÓN ESPECIAL				
CARGO	TIPO A	TIPO B	TIPO C	TIPO D
DIRECCIÓN	525,52 €	475,71 €	344,28 €	254,55 €
XEFATURA DE ESTUDOS	182,86 €	171,82 €	166,32 €	122,20 €
SECRETARÍA	182,86 €	171,82 €	166,32 €	122,20 €
CENTROS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA, FP E RÉXIME ESPECIAL				
DIRECCIÓN	641,25 €	552,33 €	499,99 €	452,63 €
VICEDIRECCIÓN	282,09 €	276,62 €	199,40 €	171,82 €
XEFATURA DE ESTUDOS	282,09 €	276,62 €	199,40 €	171,82 €
SECRETARÍA	282,09 €	276,62 €	199,40 €	171,82 €

Outros cargos e complementos

XEFATURA DE DEPARTAMENTO	67,03 €
COORDINACIÓN DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO	67,03 €
COORDINACIÓN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	67,03 €
RESPONSÁBEL DE CENTROS DE MENOS DE 3 UNIDADES (EI - EP)	67,03 €
XEFATURA DE DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (PRIMARIA)	67,03 €
PROFESORADO EPAPU	67,03 €
COMPLEMENTO PARA MESTRES/AS NO 1º CICLO DA E.S.O.	110,67 €

Sexenios

1º SEXENIO	2º SEXENIO	3º SEXENIO	4º SEXENIO	5º SEXENIO
59,80 €	76,89 €	102,54 €	145,25 €	42,71 €

Descontos

En xuño e decembro a cota de pasivos e Muface é dupla

CONCEPTO	GRUPO A1	GRUPO A2
PASIVOS (funcionariado de carreira)	109,86 €	86,46 €
MUFACE (funcionariado de carreira)	48,10 €	37,86 €
COTA OBREIRA (persoal interino e funcionario de carreira desde 2011)	Segundo base de cotización	
RETENCIONS IRPF	Segundo retribucións anuais e situación persoal	

Retribucións do profesorado para o 2017

Un ano máis cos salarios rebaixados e sen pagas extraordinarias completas

O profesorado inicia este ano 2017 coas mesmas retribucións que tiña o ano 2016, malia que o IPC do ano anterior subiu o 1.6%. O Goberno Feixoo dobrégase aos mandatos de Madrid e ten en previsión aplicar a suba salarial que recollan os orzamentos do Estado para as empregadas e empregados públicos, cuxa previsión é do 1%, cando o IPC do ano 2016 alcanzou o 1.6%. Isto supón agrandar nun 0.6% a perda de poder adquisitivo. Deste xeito, desde xuño do ano 2010, que foi cando se iniciaron as

reducións salariais e das pagas extras, o persoal docente galego leva acumulando unha depreciación dos seus salarios nunha media do 18.6%.

Coas retribucións previstas para o ano 2017, o profesorado galego continúa a ser dos peores pagados do Estado, pese á propaganda permanente e falsa do presidente Feixoo e do conselleiro de Educación, seguirá sen cobrar as pagas extraordinarias completas (grupo A2, 262€ e o grupo A1 429€)

Tanto o Goberno central como o galego,

é dicir, o PP, continúan apropiándose de parte do noso salario para engordar o capitalismo neoliberal, ao mesmo tempo que medra a precariedade laboral e a desigualdade social, seguen a desmantelarse os servizos públicos e sociais e aumenta a pobreza e a exclusión social. Así desde xuño do ano 2010 o persoal docente galego leva acumulada unha perda que, dependendo do corpo ao que pertenza e os trienios e sexenios cumpridos, vai desde os 31.227 euros aos 55.138 euros

	Mestres (A2-Nivel 21)		PTFP (A2-Nivel 24)		PES EOI EAS (A1 Nivel 24)	
	Perda salarial anual 2017	Perda acumulada desde o 2010	Perda salarial anual 2017	Perda acumulada desde o 2010	Perda salarial anual 2017	Perda acumulada desde o 2010
0 sexenios	-4.009,21	-31.227,49	-4.223,80	-32.644,10	-5.124,59	-39.218,53
1 sexenios	-4.262,91	-33.439,04	-4.477,50	-34.797,65	-5.456,38	-41.866,25
2 sexenios	-4.546,81	-35.867,25	-4.761,41	-37.283,85	-5.818,38	-44.847,50
3 sexenios	-4.876,28	-38.926,40	-5.090,87	-40.266,97	-6.225,93	-48.463,76
4 sexenios	-5.281,31	-42.671,93	-5.495,90	-44.090,23	-6.709,05	-52.762,89
5 sexenios	-5.504,66	-44.504,67	-5.719,25	-45.908,73	-7.010,49	-55.138,25

Segundo o cadro anterior:

- Un **profesor de secundaria, EOI ou EAS (A1 nivel 24)** con 5 sexenios cobrará 7.010 euros menos neste ano que o que tería que percibir de non lle ter reducido o salario desde o ano 2010. Acumula unha perda desde esa data de 55.138 euros.
- Un **profesor técnico de FP (A2 nivel 24)** con 3 sexenios cobrará 5.090 euros menos no ano 2017 do que tería que percibir de non ter reducido o salario desde xuño de 2010 e acumula unha perda de 40.266,97 euros.
- Un **mestre (A2 nivel 21)** con 1 sexenio cobrará 4.262 euros menos no ano 2017 do que tería que percibir de non ter reducido o salario desde xuño de 2010 e acumula unha perda de 33.439,04 euros.

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986609360 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com